

Dieter Kremer

"412. Galego: Evolución lingüística interna III. Onomástica"

en G. Holtus - M. Metzeltin - Ch. Schmitt (eds.) *Léxico da Lingüística Románica, Volume VI, 2, Galego, Portugués*, Editorial Niemeyer, Tubinga, 1994, p. 34-46.

[Trad. Carlos Búa].

412.

Galego: Evolución lingüística interna III. Onomástica.

Galegisch: Interne Sprachgeschichte

III. Onomastik

1. Consideracións previas
2. Antropónimos
3. Topónimos
4. Bibliografía

1. Consideracións previas

Non é posible tratar tódolos aspectos relacionados coa onomástica (nomes de persoa e de lugar) e coa súa investigación no ámbito do galego nesta breve achega a este Lexikon, así que tamén remito ós informes correspondentes ó español (→ 391, 392) e sobre todo ó portugués (→ 448, 449). Tendo en conta ademais que, como sucede na maioría das linguas románicas, se carece dunha exposición de conxunto deste complexo mundo non só lingüístico, senón tamén sociohistórico e sociopsicolóxico, o presente resumo non pode ser máis ca unha pequena achega en espera dunha sinopse futura cimentada sobre unha base histórica sólida e estudos monográficos precedentes. No caso de Galicia hai razóns para soste que a exposición conxunta de antropónimos e topónimos non carece nin moito menos de sentido. Sen embargo, desde o punto de vista da historia e da investigación parece preferible describir ámbolos dominios por separado. Dende unha perspectiva xeral obsérvase que a historia dos nomes (e maila investigación onomástica) está integrada en todo o contexto iberorrománico, polo que aquí se vai poñer maior énfase no referente a peculiaridades específicas. No caso do galego pódese afirmar tamén que a onomástica acadou a súa configuración lingüística e formal definitiva na mesma Idade Media e que a presión constante do castelán non a alterou en nada esencialmente. Non obstante, mentres que a toponimia segue constituíndo un dos elementos identificativos máis distintivos dos territorios lingüísticos e culturais da Península, a antroponimia en cambio aínda ten por recupera-la súa identidade rexional.

2. Antropónimos

2.1. Os nomes de persoa modernos de Galicia coinciden cos de España, incorporándose só nos últimos tempos certas tendencias rexionais (→ 391). En principio rexe a lexislación española (Art. 54 LRC 1957, modificación 1977) e tamén as disposicións eclesiásticas xerais (1917 e 1963 [Vaticano II, art. 37 e 63b]). Pero a práctica parece máis complexa e só despois de se faceren levantamentos sistemáticos (Hafner 1992; proxecto *PatRom*) vai ser posible obter unha información máis precisa. É evidente que a Igrexa xoga un papel máis ben discreto na elección de nomes de tradición galega (a listaxe de Seixas 1977 límitase á adaptación lingüística de nomes usuais, tipo *Benvido* (cast. *Bienvenido*), *Xertrude* (*Gertrudis*)). Esta nivelación onomástica é, por unha banda, resultado da castelanización pretendida

dende a Idade Media tardía (que logra encubri-la rica tradición propia moito máis fortemente ca no caso da toponimia), pero, por outra banda, hai que ter tamén en conta que os nomes de pía están expostos dun xeito moi particular a tendencias marcadas por modas suprarrexionais.

Unha valoración estatística absolutamente provisional do censo electoral galego (aproximadamente 1.850.000 persoas maiores de 18 anos) amosa o papel aínda completamente predominante da parella de nomes *María* (234.000) e *José* (212.000), que son usuais sobre todo en numerosísimos nomes dobres: *José Manuel* (24.840), *José Luís* (19.850), *José Antonio* (18.630), *José María* (11.110), *José Ramón* (7.750) etc. ou (*María del*) *Carmen* (105.260), (*María de la*) *Concepción* (85.670), (*María*) *Dolores* (48.320), (*María de los*) *Ángeles* (34.250), (*María del*) *Pilar* (25.960) etc. Fan de nexo entre estes dous nomes principais o citado *José María* e sobre todo *María José* (9.490) e *María Josefa* (8.330) / *María Josefina* (210). A súa vinculación tamén salta á vista en construcións relativamente frecuentes coma *María José Purificación*, *María José del Pilar* ou *María Josefa Begoña*, *María Josefa del Carmen* etc. Sen se combinaren expresamente con *María*, os nomes *Josefa* / *Josefina* tamén aparecen entre os galegos de muller máis frecuentes (50.470), aínda que en clara tendencia de retroceso.

De par desto hai relativamente poucos nomes que determinen este cadro apenas marcado rexionalmente. Entre os homes destacan *Manuel*, nome característico do noroeste da Península (139.620), *Antonio* (68.120), *Ramón* (62.540), *Juan* (40.390), *Luís* (39.450), *Jesús* (39.410), *Francisco* (36.410), *Carlos* (20.350) etc. Estes nomes máis frecuentes son os que precisamente máis abundan tamén nos nomes dobres, onde á beira do citado *José* gaña *Juan* a primeira posición: *Juan Carlos* (5.070), *Juan José* (5.070), *Juan Antonio* (2.810), *Juan Manuel* (1.120), *Juan Luís* (1.070), *Juan Ramón* (1.000) etc. En canto ás mulleres, os nomes marianos, que poden converte-los seus compoñentes en nomes independentes, están, como cabía esperar, en abrumadora maioría (ademais dos citados, por exemplo, *Rosa*, *Mercedes*, *Consuelo*, *Purificación*, *Nieves*, *Luz* (*Divina*), *Aurora*, *Rosario*, *Encarnación*, *Asunción*, *Victoria*, *Milagros*, *Estrella*, *Lourdes*, *Gloria*, *Flora*, *Soledad*, *Begoña*, *Remedios*, *Obdulia*, *Socorro*...). Outros nomes combínanse frecuentemente con *María* como primeiro elemento: *Teresa* (22.800), *Isabel* (20.660), *Luisa* (20.360), *Ana* (15.210), *Elena* (10.180), *Antonia* (8.830), *Julia* (8.030), *Elvira* (7.860), *Esther* (7.000) etc. Estes nomes son na súa etimoloxía moi variados (entre eles son relativamente infrecuentes os aínda formados por flexión de xénero, que é o caso de nomes antigos coma os citados *Antonia* ou *Ramona* [6.160], *Jesusa* [4.790] e *Felisa* [2.680]) e responden á moda de nomes española de acordo con fases que aínda han de ser precisadas.

Figura 1: Os nomes de home máis frecuentes. Os datos corresponden a un total de 1.843.441 persoas de ambos sexos

<i>José</i>	211.646	Andrés	8.236	Jorge	4.131	Constantino	2.836
<i>Manuel</i>	139.616	Ricardo	7.874	Gerardo	4.006	Rogelio	2.832
<i>Antonio</i>	67.903	Pedro	7.807	Arturo	3.807	Cándido	2.822
Antoño	10	Benito	7.469	Alfredo	3.771	Gonzalo	2.807
Antón	206 } 68.119	Alfonso	7.611	Agustín	3.749	Víctor	2.820
<i>Ramón</i>	62.540	Afonso	122 } 7.733	Eugenio	3.521	Camilo	2.790
<i>Juan</i>	40.392	Santiago	6.436	Ramiro	3.477	Marcelino	2.733
<i>Luís</i>	39.450	Eduardo	6.370	Serafín	3.420	Modesto	2.564
<i>Jesús</i>	39.409	Vicente	5.962	Alejandro	3.341	Gumersindo	2.634
<i>Francisco</i>	36.409	Jaime	5.687	Adolfo	3.302	Eladio	2.433
<i>Carlos</i>	20.348	Joaquín	5.542	Roberto	3.280	David	2.394
Fernando	10.644	Rafael	5.334	Ignacio	3.001	Evaristo	2.127
Hernando	62 } 10.706	Domingo	5.203	Guillermo	2.997	Germán	2.096
Enrique	10.433	Domingos	75 } 5.278	Pablo	2.885	Félix	2.045
Miguel	10.028	Alberto	5.247	Pablos	1	Tomás	2.036
Julio	9.377	Avelino	3.443	Paulo	31	Raúl	2.035
Emilio	8.818	Lino	1.459 } 4.902	Paulos	1 } 2.888		
<i>Javier</i>	8.460	Daniel	4.259	Celso	2.838		

Figura 2: Os nomes de muller máis frecuentes. Os datos corresponden a un total de 1.843.441 persoas de ambos sexos

<i>María</i>	233.826	Julia	8.030	Olga	4.233	Felisa	2.682
<i>Carmen</i>	105.254	Elvira	7.861	<i>Flora</i>	3.478	Inés	2.673

Carmo 10 } 105.264	<i>Nieves</i> 7.452	<i>Flores</i> 230	<i>Obdulia</i> 2.593
<i>Concepción</i> 85.571	<i>Esther</i> 7.003	Flora 230 } 4.143	Delfina 2.481
Concha 73	Celia 6.845	<i>Soledad</i> 4.072	<i>Digna</i> 2.480
Conchita 36 } 85.670	<i>Luz</i> 6.810	<i>Amalia</i> 3.881	Eugenia 2.473
<i>José</i> 42.007	<i>Aurora</i> 6.731	Matilde 3.831	<i>Socorro</i> 3.375
<i>José</i> 8.461 } 50.468	<i>Rosario</i> 6.572	Alicia 3.743	Otilia 2.370
<i>Dolores</i> 48.321	Emilia 6.446	Herminia 3.638	<i>Cándida</i> 2.294
<i>Ángeles</i> 29.415	Ramona 6.155	Cristina 3.568	Clara 2.206
Ángela 4.837	Elisa 5.916	Beatriz 3.488	<i>Belén</i> 2.183
Rosa 28.120	<i>Encarnación</i> 5.822	Britis 1 } 3.489	Leonor 2.140
<i>Pilar</i> 25.944	Juana 5.762	<i>Begoña</i> 3.488	Eva 2.108
Pili 15 } 25.959	Sara 5.752	Dorinda 3.450	Benita 2.093
<i>Teresa</i> 22.198	<i>Asunción</i> 5.671	Divina 3.033	<i>Paz</i> 2.072
<i>Isabel</i> 20.661	<i>Victoria</i> 5.649	<i>Luz Divina</i> 371 } 3.404	<i>Peregrina</i> 2.060
<i>Mercedes</i> 19.949	<i>Milagros</i> 5.427	Isolina 3.356	Irene 2.058
Luisa 20.363	<i>Esperanza</i> 5.403	Avelina 2.768	Rita 2.056
<i>Ana</i> 15.209	Margarita 5.318	Lina 4.918 } 3.259	Balbina 2.049
<i>Consuelo</i> 10.882	<i>Amelia</i> 5.301	<i>Remedios</i> 3.178	Susana 2.011
Elena 10.115	<i>Estrella</i> 4.825	Lucía 3.153	Sofía 1.987
Helena 61 } 10.176	Jesusa 4.787	Laura 3.028	<i>Generosa</i> 1.956
Antonia 8.832	<i>Lourdes</i> 4.655	<i>Aurea</i> 2.953	Florinda 1.934
<i>Purificación</i> 8.503	<i>Gloria</i> 4.472	Rosalía 2.750	

2.2. O carácter propio galego pódese observar con máis claridade nos apelidos fosilizados e representantes de épocas históricas máis antigas. Por certo que tamén aquí estudos estatísticos comparados han permitir precisa-los resultados provisionais. Como sucede en xeral en España e Portugal, os patrónimos suman a maioría dominante dos apelidos, onde o uso en xeral consecuente da ortografía "española" só simula unha aparente unidade lingüística. Unha análise provisional (aprox. 1.845.000 persoas = 3.690.000 apelidos) dá como resultado a seguinte distribución: *Rodríguez* (con *Ruiz*) 8,84%, *Fernández* (con *Hernández*) 8,02%, *González* (só uns poucos *Gonzalves*) 6,75%, *García* 5,78%, *Pérez* 4,91%, *López* 4,80%, *Martínez* (poucos *Martíns*, *Martís*) 4,46%. O primeiro nome galego que aparece é *Vázquez* (3,60%), seguido de *Álvarez* (poucos *Alves*) 3,23% e *Gómez* 2,59%. Por detrás deles é cando veñen outras categorías de nomes: *Iglesias* (só uns poucos *Iglesia*) 2,26% e o característico *Castro* (2,20%), ademais de *Blanco* que é claramente común español (só excepcionalmente *Branco*) co 1,87%. Os nomes rexionais aparecen cunha frecuencia claramente menor (*Otero* [case nunca *Outeiro*], *Varela*, *Rey*, *Souto*, *Piñeiro*, *Pereira*, *Souto* [máis raro *Soto*], *Piñeiro*, *Barreiro*, *Villar* [tres veces máis frecuente ca *Vilar*], *Costas* / *Costa*, *Méndez*, *Pazos* [máis raro *Pazo*] etc.). A primeira designación de oficio é *Ferreiro* no posto 39 (10.845 persoas = 0,65%). Detrás en nutrida secuencia xa veñen cada vez máis nomes rexionais: *Conde*, *Pena*, *Seoane*, *Miguez*, *Rial*, *Fraga*, *Salgado*, *Novoa*, *Caamaño*, *Veiga*, *Taboada*, *Mariño*, *Feijoo*, *Araújo*, *Portela*, *Fariña*, *Nogueira*, *Loureiro*, *Ferreira*, *Moreira* ...

Figura 3: Frecuencia relativa dos nomes (apelidos); reconto provisional

4 apelidos designan	100.000 e máis persoas
5	50.000
33	10.000
510	5.000
413	1.000
2.045	100
5.326	10
57.188	1

2.3. A estrutura histórico-etimolóxica dos nomes de persoa galegos é idéntica en amplísima medida á dos portugueses, aínda que este parentesco onomástico comprende tamén todo o noroeste ata Asturias e León. O mesmo se pode dicir para os mecanismos de denominación (→ 391). Os exemplos seguintes están tomados máis ben ó chou de dúas coleccións documentais representativas do século XIII (*Oseira*, *Ramirás*), co engadido dalgúns nomes de Sobrado.

Figura 4: Exemplos de nomes medievais

Irmáns: Egilo, Florida, Avolino, Gildemiro, Bonoso (a. 827)

Pai-fillos: Avolinus: Adaulfus, Fulgentius, Sicila, Emeteria, Astroildi, Ermesenda, Adosinda (a. 887)

de Sueri Petri nati sunt: Veremudus Suariz, Petrus S., Pelagius S., Guntrade S., Marina S., Azenda S., Enxemena S. et mater de Michael de Sancti (s. XI/XII, servos)


Nai-fillos: Rezevara: Froila, Quendulfus, Golderego, Seniorina, Teodulfo (a. 949)

Pais-fillos: Erus Munionis ∞ Úrraca Munionis: Osorius, Rudericus, Froila, Nuno, Petrus, aliusque Petrus, Fernandus, Adosinda «et omnis vox nostra» (a. 1167)

Xeracións: Fernandus nuniz filius Nunonis Percussionis filius scilicet Marina Didaz filia de domna Chamua (a. 1185).

Chama a atención a redución moi progresiva do corpus onomástico, que en primeiro era moi rico e moi variado etimolóxicamente, a uns poucos "nomes de moda". Como exemplo (extremo) de nomenclatura no s. XIII valla a seguinte relación: «nos *María Iohannis* et *Maria Petri* et *Martinus Petri* et *Terasia Didaci* et *Pelagius Petri* et *Maria Sancii* et *Maior Petri* et *Pelagius Petri* et *Maria Sancii* et *Maior Petri* et *Pelagius Petri* et *Terasia Petri*, *Marina Picoa*, *Maria Piquoa*, *Iohannes Petri*, *Sancia Petri*, *Pelagius Iohannis*, *Gervas Petri*, *Marina Iohannis*, *Iohannes Iohannes*, *Sancha Boffoa*, *Eldara Boffoa*, *Marina Fernandi*, *Munio Petri*, *Michael Petri*, *Martinus Pelagii* omnes germanus vendimus...» (a. 1257). A pesar de que obviamente están mesturadas distintas familias (cónxuxes, segundas nupcias, fillos ?), distínguense claramente unhas determinadas constantes: redución a uns poucos nomes (neste exemplo *Maria*, *Marina*, *Sancia*, *Terasia*, *Pelagius*, *Iohannes*, *Martinus*; de aí a necesidade dun segundo nome: *Picoa*, *Bofoa*, que son claras feminizacións de nomes masculinos de referencia) e preferencia por certas combinacións que están claramente determinadas pola súa eufonía (aliteración) (Kremer 1988a, 1595); cf. *Maria*, *Marina* (*Iohannis*, *Sancii*, *Picoa*) ou *Maria*, *Maior*, *Martinus*, *Michael*, *Munio* (*Petri*). Estas mesmas circunstancias poden seguir véndose de xeración en xeración (Kremer 1980, 110 ss.), como amosa o seguinte exemplo na figura 5.

Figura 5: denominación no seo dunha familia (a. 1174)



Xunto á pobreza de nomes que aquí se pode percibir (entre os 15 membros da familia atópanse 3 *María*, 3 *Iohannes* e 2 *Guterre*), maniféstanse tamén tradicións familiares (polo tío: *Iohannes*, *Guterre*, pola tía: *Maria*, polo pai: *Didacus*).

Este corpus onomástico tradicional reducido vaise incrementar como moi tarde a partir do s. XI por medio de nomes importados, sobre todo "franceses" (*Gervas* no exemplo citado, *Pelagius Arnaldi* a. 1001, *Ricardus*, *don Goziran*, *Fernandus Petri Belamis* no s. XIII etc.). Nos primeiros momentos só levan estes nomes "estranxeiros" os inmigrados; pero ó mesmo tempo ían entrando tamén nomes de fóra directamente a través da literatura popular da época (*Tristán*, *Galván* etc.). Os camiños e diferentes categorías, así como a adopción (tamén fonética) por parte dos autóctonos aínda están por estudar en detalle (así, p. ex., *Durannus Iohannis* está claro que é a forma latinizada dun importado *Durán* < *Durandus*). Os nomes estranxeiros máis tardíos son facilmente identificables (*Ricarte* a. 1507 entre outros).

Outra achega ó enriquecemento do corpus onomástico provén de formacións novas (tipo *Iohan Perez marido de Boaventuria*, *Pelagio de Deo*, *Pedro dos Santos* etc.) e da chegada de haxiónimos internacionais (*Franciscus*, *Antonius*, *Bertolomeu*, *Xerónimo* etc.), pero a antiga individualidade do noroeste hispánico non se recobre de ningún xeito polas modas internacionais de motivación sobre todo eclesiástica. A pesar de todo, a nivel xeral vai seguir sendo característica a redución a uns poucos nomes de moda que gustan extraordinariamente, como resulta claro a partir da figura 6.

Figura 6: Nomes en Ourense a. 1454

Vornamen nomes (28 Namen = 353 Männer) (28 nomes = 353 homes)				Vornamen nomes (21 Namen = 164 Frauen) (21 nomes = 164 mulleres)				«Apelidos» (517 Personen) (517 persoas)			
Rang orde	Name nome	Frequenz frecuencia	%	Rang orde	Name nome	Frequenz frecuencia	%	Rang orde	Name nome	Frequenz frecuencia	%
1	Johann	73	20,68	1	Costança			1	Fernandes	20	3,87
2	Afonso	39	11,05		Tarejja } 26	15,85		2	Peres	19	3,68
3	Roy	37	10,48	3	Eynés	22	13,41	3	Afonso		
4	Aluaro	26	7,37	4	Maria	21	12,80	4	Gonçalves } 16	3,09	
5	Fernan(do)	23	6,52	5	Lionor	14	8,54		Rodrigues		
6	Goncaluo			6	Mo(o)r	9	5,49		Yanes, Anes } 14	2,71	
	Pe(d)ro } 22	6,23		7	Aldonça			5	Vaasques	10	1,93
7	Gomes	21	5,95		Eluira	8	4,88	6	Ares		
8	Diego	13	3,68	8	Catalina	7	4,27		Gomes } 7	1,35	
9	Ares			9	Aldara	5	3,05	7	Garçia	5	0,97
	Nuno } 11	3,12		10	Margarida			8	Aluares		
10	Vaasco	10	2,83	11	Johana	3	1,83		Coello		
11	Garçia				Oraqa	2	1,22		Dias		
	Martyn (5)			12	Biatris				Lopes		
	Martíño (1) } 6	1,70			Branca				Paas		
12	Lopo				Esteboa				Pereyra } 4	0,77	
	Loys } 5	1,42			Maryna			9	Caldelas		
13	Lourenço	4	1,13		Mençia				Martis		
14	Meen	3	0,85		Oufemea				etc.		
15	Samuel	2	0,57		Romyña						
16	Abrafan				[dona judia]						
	Antoneo				[a forneyra] 1						
	Bertolameu								Verschiedenes:		
	Cornele								<i>Varia:</i>		
	Dabi (jud.)								de (121)		
	Esteuo								da (23)		
	Fage-ben								d' (31)		
	Jacome								do (15)	19 838,30	
	Payo								dos (1)		
	[o judio çapateyro] } 10,28								das (7)		

(segundo Kremer 1991, 205)

2.4. Este empobrecemento do *corpus* de nomes activo no transcurso sobre todo dos s. XI e XII trae consigo coma en todas partes a aparición dos "segundos nomes" que dende o s. XII pasan a ser regulares, sen que se poida falar aínda de "apelidos" firmemente establecidos. A herdanza dos segundos nomes individuais só se produce en casos soltos. O momento da súa fixación varía ademais dependendo do estrato social e da oposición campo-cidade. Esta evolución só se pode ir seguindo con algunha seguridade a partir da institución dos rexistros parroquiais despois do concilio de Trento, pero aínda se carece dos estudos sistemáticos correspondentes. En todo caso hai que partir da base de que a súa fixación xeneralizada se vai consolidando no amplo espacio temporal que vai dende finais do s. XV ata os comezos do XVIII. Nomes que esporádicamente se fixeron coincidir coma no caso de *Martínus Cabeza et Maria Cabeza, Eines Lourença* etc. ou *Suarinus Pictus et iermana mea Maria Picta* (fillos de *Uermudus Pictus* a. 868) de ningún modo se deben confundir con apelidos hereditarios. En calquera caso, os segundos nomes si se asocian ás familias, como se pode observar con claridade no típico uso do plural no noroeste (*casa dos Farinas*).

A creación dos segundos nomes segue os procedementos comúns: son patrónimos (= antropónimos), nomes de orixe (= topónimos), sobrenomes (= apelativos e formacións hipocorísticas). No caso de coincidiren os nomes, aínda se lle pode engadir outra cualificación máis (*Juan Gonzalves o grande e Johan Gonzalves o menino*). Gracias a que Galicia conserva unha riquísima documentación histórica podemos dispoñer dunha correspondente multiplicidade de datos, o que lle outorga especial importancia á contribución galega ó proxecto *PatRom* (Kremer 1990a, Lorenzo 1990). Por outra parte, a

espontánea creación de segundos nomes e sobrenomes é intemporal (Ramón 1971; Hafner 1992). Os exemplos seguintes foron tomados ó chou da documentación histórica citada.

2.4.1. A formación dos patrónimos (expresión da filiación) obedece as mesmas regras ca no centro e oeste da Península Ibérica, aínda que os usos gráficos dos notarios e chancelerías tamén xogan certo papel. Ó sufixo *-z-* popular, tipo *Pedro / Pérez* (→ 391, 5.1.1.) aínda lle corresponde nos documentos latinos con frecuencia a simple unión xenitival (NN. [*filius*] *Petri*). Un particularismo galego no eido da chancelería episcopal é o recurso ocasional e artificioso á tradición grega (*Martinus Pelagiades* a. 1111, *P. Gundisalvides* a. 1116), *Petrus Cresconides* a. 1142, *Adefonsus Anaiades* a. 1149, *Hoduarius Suaridis* a. 1173, *Ciprianus Petrides* a. 1342 entre outros, todos cóengos en Santiago).

2.4.2. Os nomes de orixe aparecen pronto principalmente no círculo da nobreza. Sen embargo, esta forma de designación tamén pasa a outros estratos da poboación, predominando sobre todo a combinación patronímico + nome de procedencia. A conexión faise normalmente con *de* (*Iohannes Iohannis dictus Poenta de Ponteveteri*, *Iohannes Petri dicto Talavera* etc.). Pola súa morfoloxía adxectival e ocasionais connotacións secundarias é preferible adscribi-los nomes étnicos á categoría dos sobrenomes (*Pero Ianes portugaes*, N.N. *Pelagii dictus Santiagues de Burgo*, etc.).

2.4.3. É de extraordinario interese histórico-lingüístico o gran número de sobrenomes espontáneos que proceden do vocabulario cotián popular e que na súa gran maioría permiten a súa primeira datación (Kremer 1970-1982). Fronte ó caso dos patronímicos esta categoría, sen embargo, apenas toma parte nos apelidos actuais, feito que evidencia particularmente a función individual e circunstancial destes "alcumes". A seguinte selección permite obter unha simple primeira impresión.

Os sobrenomes adxectivais constitúen sen dúbida a calificación máis transparente (*Petrus Petri Magro*, *Petrus Bruscu*, *Fernandus Negrete*, *Mendus Nigrachus*, *Silvestre Fernandes dito Tinoso de Bangueses*, *Fernandus Petri Pobre* ...), mentres que a denominación substantiva, isto é, a aposición do tipo «pars pro toto», lle pon con frecuencia límites á interpretación. Non obstante, a designación de partes do corpo seguramente acentúa determinadas características físicas (*Petrus Fernandi cognomento Cabelos*, *Fernandus Petris dictus Cachaça miles*, *domnus Petrus Fernandi Dente*, *Iohannes Narizes* ...) e determinados obxectos poden sinalar unha actividade profesional (*Rodericus Petri dictus Manteiga*, *Iohannes dictus Laa*, *Dominicus Pelagii dictus Pichel* ...). Os abstractos poderían facer alusión a peculiaridades do carácter (*Petrus Amizade*), episodios anecdóticos (*Pedro Perez dito Batalla*, *Pelagius Maravilla*) ou seren tamen indicios de actividades e cargos (*Petrus Caridade*). Teñen un especial interese psicolóxico os sobrenomes formados a partir de nomes de animais (*Pedro Qoruzza*, *frater Dominicus Lagosta*, *Laurentius Lamprea* ...) e cobran un interese especialmente lingüístico as construcións sintácticas (*Bel-infante*, *Pedro Eanes Barvas de leyte*, *Pedro das bragas*, *Esteuo Peres dito Milartes de Deva*, *Suero Petri Furanoz* etc.). Designacións de parentesco (tipo *Iohannes Sobrinus*) parecen estar reflectindo unhas relacións especialmente marcadas no contorno social do individuo. De forma semellante hai que interpreta-la maioría dos nomes estamentais que dun xeito elíptico reflecten relacións de dependencia (*Petrus Iohannis clericus dictus Bispu* e similares). Entre os sobrenomes lexicais son as designacións de oficios e de estamento as que constitúen o grupo máis importante (*Fernandus Menendi dictus Queigeirus*, *Petrus Martinides cognomento ioculator*), aínda que moitas veces non se pode identifica-la súa función concreta (nome propio ou designación de oficio).

Non é raro que o sobrenome desprace ó auténtico nome (*Iohannes afiliatus Buen*, *Leda filia de Consida* etc.), o que revela a función social (identificación) do sobrenome fronte ó nome que perde a súa capacidade individualizadora por causa da súa frecuencia.

2.4.4. Conformando outro grupo máis de posibles sobrenomes están os hipocorísticos (nomes afectuosos) que obedecen leis morfolóxicas propias e se integran nunha tradición ininterrompida (Kremer 1970 e 1980, Hafner 1992). Dos seus diferentes mecanismos morfolóxicos, a saber, forma breve, reduplicación e derivación, que tamén se combinan entre si (*Isilo cognomento Sisina* a. 853), é sobre todo a última que se pode atestar tamén na documentación histórica conservada (*Maria Cipriani Mariola cognomento, Pedrucho d' Alemparte, Martinel, Juan Chiquino, Iobannes Gordillinus* etc.).

2.4.5. Esta nomenclatura medieval de sobrenomes non é nin moito menos un fenómeno illado. En tódalas épocas está viva a clasificación social coa axuda de segundos nomes, como poden amosar tres exemplos contemporáneos extraídos ó chou (Ancares, Materialien Hafner 1992). Unha *Mónica* (no ano 1976) está satisfeita co seu nome (que lle escollera a súa tía), aínda que lle gustaría máis chamarse *Sonia*. O seu avó en cambio chámala *Móquina* e no seu círculo de amizades é coñecida como *Charolesa*. Unha *María Luz* (no ano 1978) considera o seu nome, que lle puxo a súa madriña polo nome dunha curmá, absolutamente horrible e prefire chamarse *Jénifer*. No ámbito familiar chámalle en cambio *Nena* e entre os amigos *Merluzza*. Un *Francisco de Borja* (1977) é o máis novo de nove irmáns (*Eduardo, Amorosa, José Manuel, Ana, Fermín, Amalia, María Carmen, Yolanda*). El preferiría chamarse *Jonatán*, aínda que normalmente lle chaman *Borja* (por tanto cun nome en orixe toponímico). Resulta ademais que para a súa nai é *Vitorino*, para a súa amiga o *Ronco* e os veciños finalmente lle chaman *Escornavacas*. Aínda que este repaso se cerra neste punto, a este tesouro lexical e lingüístico en xeral pódese sacar moito máis partido.

3. Topónimos

3.1. Galicia ten unha abundancia extraordinaria de núcleos de poboación con aprox. 40.000 localidades que suman un tercio do total das españolas (figura 7) e constitúese así nunha mina para case tódalas cuestións relacionadas cos estudos toponímicos.

Figura 7a: Reparto dos topónimos españois por provincias (segundo Kremer 1988a, 1612)

A Coruña	13.848	11,47%
Lugo	12.632	10,46%
Oviedo	8.782	7,28%
Pontevedra	7.793	6,46%
Ourense	6.133	5,08%
León	3.547	2,94%
Cuenca	2.741	2,27%
Valencia	2.409	2,00%
(etc.)		

Figura 7b: Reparto xeográfico dos topónimos españois (segundo Kremer 1988a, 1611)

<u>rexión</u>	<u>total</u>	<u>%</u>
Galicia		
(C, Lu, Or, Po)	40.406	33,39
Andalucía		
(Al, Ca, Co, Gr, H, J, Ma, Se)	11.409	9,43
Castilla-León		
(Av, Bu, Pa, Sa, Sg, So, Va, Za)	10.630	8,78
Asturias		
(O)	8.782	7,26
Castilla-La Mancha		
(Ab, Cr, Cu, Gu, To)	8.378	6,92
Catalunya		
(B, Ge, L, T)	7.040	5,82
País Valencià		
(A, Cs, V)	6.496	5,37
León-Cantabria		
(Le, S)	4.790	3,96

Aragón (Hu, Te, Z)	4.487	3,71
Extremadura (Ba, Cc)	3.902	3,22
País Vasco (Bi, Ss, Vi)	3.085	2,55
Navarra-Rioja (Lo, Na)	2.792	2,31
Murcia (Mu)	2.380	1,97
Canarias (Gc, Tf)	2.164	1,79
Madrid (M)	1.148	0,95
Baleares (PM)	966	0,80
[distintos]	2.145	1,77
<u>total</u>	121.000	100,00

Recuento provisional; ás 121.000 localidades correspóndenlle 72.840 nomes diferentes.

Á parte de que existe unha riquísima documentación medieval, a típica perda toponímica por causa das absorcións ou do abandono das poboacións aínda se mantén en límites máis ben reducidos.

Desde 1900 disolvéronse 4 municipios na Coruña, 2 en Lugo e 6 en Ourense e Pontevedra respectivamente, en contraste por caso con Huesca (191), Soria (165), Burgos (155), Lleida (127), Guadalajara (119), Segovia (73), Cuenca (70), Palencia (65), Zamora (60), Teruel (54), Granada (51) etc. (*Relación* 1981). Tamén parece seguir sendo constante o número das pequenas poboacións, se ben a partir do traballo da «Comisión» ese número aumentou (cf. 3.2.). Hai varios catálogos anteriores que ás veces achegan datos xerais interesantes (cf. bibliografía), pero coa reforma actual (Comisión 1980-) para estudos lingüísticos só se pode recorrer a eles coas debidas reservas. Son fiables en xeral os datos da *Gran Enciclopedia Gallega* que é máis actual. Un diccionario toponímico histórico de Galicia é un *desideratum* realista e sen dúbida moi laborioso (cf. Kremer 1979) e, sobre esta base, a investigación sistemática do corpus onomástico galego vai ser unha tarefa fascinante.

O característico tipo de poboamento baseado en asentamentos pequenos, forxado ó longo da historia no seo da parroquia rural e que continúa claramente antigas tradicións (Sampaio 1923, David 1947, Fariña 1981 entre outros), é recuberto tralas reformas de 1813/1835 polas unidades administrativas na súa maioría artificiais dos municipios (o *municipio*, en ocasións tamén *ayuntamiento*, é propiamente a "administración da comunidade"). O seu *status* independente (1980: Lei Orgánica 1/1981, § 27, 2) admite a eventual modificación da estrutura administrativa. O nome do concello non ten que coincidir co da localidade principal, o nome dunha *entidade colectiva* pode non se corresponder tampouco con ningún lugar concreto (cf. Melón 1944, 60 ss. e *passim*), unha parroquia pode pertencer simultaneamente a distintos concellos (por exemplo, *Santa María de Ambosores* coas aldeas de Ambosores [Entrambosores], Baroso, O Cabezón, A Carcallosa, A Cereixina, Ferraxosa, A Fragachá, A Iglesia [Igrexa], O Outeiro, A Ribeira, Santar, Toxoso e A Veira de Fraga no concello de *Ouro* [denominacións actualizadas 1980], pero coas aldeas de Ameijeiras, Mouriscón, Pena de Moriscón, Rego e Santar de Abajo [denominacións españolas 1960] no concello de *Muras*. Un estudio sistemático destas denominacións sería proveitoso.

En xeral os actuais 312 concellos están formados coa unión administrativa das distintas parroquias (1970: 3.805 parroquias rurais, 62 urbanas). Estas, pola súa banda, están formadas por agrupación de localidades de distintas categorías (*lugar*, *aldea*, *caserío* entre outros). Un exemplo da provincia de Ourense (1960, os nomes aínda non foran normalizados): ó (pequeno) concello de *Acebedo del Río*, hoxe integrado en Celanova, correspóndenlle as parroquias *San Jorge de Acebedo del Río* (coas localidades de Casal "aldea", Cavadoiro "lugar" (etc.), Cerdedo, Las Chouzas, Hermide, Las Lamas, Outeiro "aldea", Pazo de Chouzas "aldea", Los Prados, San Ciprián, Tellado "aldea", Terrado "aldea", Trasmiras, Villaverde, Xamirás), *Santa Eufemia de Milmanda* (con Ademaurán, Carballo,

Carracedo, Moimento, Orbán, El Pereiro, San Martín, Santa Eufemia) e *Santa María de Milmanda* (La Arroeta "aldea", Barreira "aldea", Canto "aldea", Eiras-Labandeira, Miranzo, Seoane, Villa [probablemente sede da parroquia]); a localidade principal do concello era *Trasmiras* na primeira parroquia citada. Fronte a esta complicada estrutura de lugares e nomes aínda están os territorios naturais («comarcas») e as unidades administrativas dos territorios xurídicos que son máis extensos (*partido xudicial*), episcopais (*diócese*) e finalmente gubernamentais (*provincia*).

3.2. A denominación oficial dos lugares galegos está mediatizada dende a Idade Media tardía pola administración española, o que non só repercutiu nas grafías castelás ou híbridas, senón tamén na actitude sociopsicolóxica en relación coa tradición propia. As primeiras traducións ou adaptacións xa se poden percibir no s. XIII (*Venero* por gal. *Vieiro*, *Angrox* en vez de *Angrois* entre outros), para logo ir aumentando en forte medida. Nesto poden darse distintos modelos (no que segue de acordo con Santamarina 1988, 90ss.): tradución (*As Nogais* > *Los Nogales*), formacións híbridas (*Vilalonga* > *Villalonga*; aquí entra en xeral tamén o cambio do artigo: *El Seijo* < *O Seixo*), adaptacións fonéticas ó castelán (gal. *x* > *j*: *Xunqueira* > *Junquera*, ou *s* > *x* hipercorrecto: *Teso* > *Texo*. Dun xeito máis ou menos esporádico temos substitución de *ou* polo castelán *o* e de *ei* por *e* ou de *l/n* por cast. *ll/ñ*, en moitos casos trátase de traducións: *Sotomayor*, *Vega*, *Villa-*, *Cabaña* por *Soutomaior*, *Veiga*, *Vila-*, *Cabana* etc., e adaptación de sufixos e terminacións (en especial *-áns* < *-anis*, *-anes*, *-anos*, *-anas*, en parte con interpretación hipercorrecta: *Gundiñanes*, *Casteláns* > *Castelanes* [**Castellanos*], *As Meáns* > *Meanes* [**Me(di)anas*], e *-ás* < *-ales*, *-anis*: *Orxás* > *Orjales*, *Goiás* > *Goyanes*. Tamén a terminación vocal + *-de* > *-d*: *Barbude* > *Barbud*). Son interesantes as variantes dos mesmos topónimos debidas ó forte desmembramento dialectal e xeradas libremente ante a ausencia dunha normativa (tipo lat. **paniciales* > *Painzáis*, *Painzús*, *Paizáis*, *Paizús*, *Peizús* etc.). Hai que ter en conta especialmente a confusión de *b/v*, a neutralización de *e/i* pretónicos, así como a «gheada» (pronunciación rexional do [g] como [x]) e o «seseo» ([θ] > [s]) galegos (→ 416): *Reguengo* > *Regenjo*, *Zanfoga* / *Sanfoga* [< *centum foca*], *Romariz* > *Romarís* ou hipercorrecto: *Guidoiro* ("guiadoiro") > *Xidoiro*, *Zas* en vez de *Sas*.

Esta castelanización secular abrangueu partes importantes da toponimia galega, sendo a nomenclatura urbana amplamente castelá (na medida en que non se trate de denominacións castelás directas). Están igualmente castelanizados, nos casos en que é posible a tradución, os nomes das localidades máis importantes. Os mecanismos desta adaptación non se poden formular dun xeito regular: ocasionalmente parece que un criterio eufónico impide a alteración, noutros casos a forma castelá só é usual na praxe oficial, mentres que a xente mantén o nome tradicional (*Villanueva* / *Vilanova*, *San Pelayo* / *San Paió*), hai outros nomes por último que só son coñecidos na súa forma castelá (*La Puebla del Caramiñal* [*A Pobra do Caramiñal*] < *A Proba do Daián*, *Manzaneda* < *Macaẽda*). Moitos galegos aceptan con naturalidade a coexistencia de dúas formas dun mesmo nome, outros protestan ás veces contra a reintroducción do nome tradicional.

Co decreto 42/1979 instaurouse no marco da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia a «Comisión de Toponimia» co obxectivo de "normalizar" os topónimos de Galicia. Está integrada por "especialistas en filoloxía, xeografía, historia, paleografía e cartografía relacionados coa lingua e a cultura galegas". Os resultados son publicados na serie "Toponimia" na forma "nome como aparece no nomenclátor actual: nome como debe escribirse".

Figura 8: Exemplos de «recuperación toponímica» galega



A lectura destas listaxes de nomes ten algún interese, podéndose establecer algunhas regras (que como tales non son formuladas expresamente): tódolos nomes se escriben na ortografía galega oficial (*Seijalvo* > *Seixalbo*, *Carabugera* > *Carabuxeira*, *Brijaría* > *Brixería*, *Jalda* > *A Xalde*, *Guimarey* > *Guimarei*, *Peñamil* > *Penamil*, *San Martín* > *San Martiño*, *Rabeanes de los Caballeros* > *Rabiáns de Riba / de Baixo*, *Mesón del Agua* > *Mesón da Auga* etc.); os nomes transparentes manteñen en principio o artigo determinado (*Rocha*: *Rocha*, *A*; *Bidueiros*: *Bidueiros*, *Os*; *Carballás*: *Carballás*, *Os* etc.); onde é necesario, fanse precisións de tipo local (*Fuente* > *Fonte de Pan*, *A*; *Puente* > *Ponte de Cela*, *A*; *Molino* > *Muíño do Vento*, *Cruja* > *Cruxa*, *A* [ou *Ponteliñares*, «É o mesmo lugar», *Fornos* [ou *As Patiñas*] etc.); engádense numerosos lugares que non se citan no nomenclátor oficial (por exemplo, *O Pumar*: *O Pumarino* ou na Illa de Arousa: *O Cabodeiro*, *Palmeira*, *As Aceñas*, *O Regueiro*, *Testos*, *As Rubas*, *Paradela*, *Castríños*, *O Pombal*, *O Barnal* ou *O Rodo*: «Pertence ás parroquias de Lamas e de Pardemarin» ...), en cambio, hai outros nomes que se suprimen cf. *Sanmil* > *Samil*, «Non vive ninguén», *Ons* «non existe este lugar»; grafías falsas e nomes escuros son adaptados (obviamente en atención á documentación histórica) na forma de se escribiren (*Besteiro* > *Besteiros*, *Sanlouzáns* > *Salouzáns*, *Masusán* > *Lamasusán*, *Vila do fondo* > *Viladefondo*, *Río dos Sapos* > *Río de Sapos*, *Esmorede*, *Bacelanes*, *Niñavelle* ou *Señorán* (só así no nomenclátor de 1970 que contén erros) restituídos en *Esmorode*, *Bacelares*, *Niñarelle*, *Señoráns* etc.), tamén en casos nos que a decisión tomada sen máis non sempre é convincente (así correccións coma as seguintes, onde non se ve directamente a razón, se non se dá maior explicación, *Ramiráns* > *Remiráns*, *Faramontaos* > *Fara Montaos*, *San Mamede* > *O Sanamedio*, *Sieteiglesias* > *Satrexas*, *Aplazadoiro* > *Aplazaduiro*, *Amil* > *O Amil* etc.); en casos dubidosos exprésase unha recomendación (*Ourol* «A Corporación Municipal decidirá se é oportuno restaurar *Ourol* como nome do municipio ou é preferible mante-la denominación *Orob*», *Ambosores* > *Entrambosores* «... debe decidir se se restaura a forma orixinaria *Entrambosores*, que aínda se rexistra na xente vella», *Roncesvalles* > *Cruceiro de Roncesvalles* «Aínda que na fala popular se rexistra *Roncesvalles*, poderíase recomendar *Roncesvales*, por ser máis frecuente no galego común a forma *vales*», *Iglesia* > *Iglesia*, *A* «Recoméndase a forma *Igrexa*, por ser a máis xenuína do galego común» [*passim*] etc.). En principio a comisión respeta a maioría dos usos locais (*Zas* > *Sas* fronte a *Zas de Rey*) e normaliza dun xeito non rigoroso con respecto á lingua estándar (*A Iglesia* xunto a *A Igrexa*, *A Eirexa*, *A Eirexe*, *A Irexe* etc.). No seu conxunto o inventario da «Comisión» é moito máis rico ca os nomenclátors máis importantes dos que se dispoñía ata agora, polo que sería desexable que esta revisión continuase (a publicación está estancada dende 1982).

3.3. A estrutura etimolóxica dos topónimos galegos tamén é idéntica en amplísima medida á dos portugueses (e á de todo o noroeste); a influencia do castelán límitase en xeral á ortografía. Non hai que confundi-los lexemas (e a morfoloxía) dos distintos estratos lingüísticos, prerromano, latino e románico –as influencias xermánicas, árabes ou "europeas" son de menor relevancia– con tipos designativos de natureza semántico-formal

que sexan característicos de determinadas épocas. Tamén hai que facer diferencias entre a nomenclatura dos predios rurais («toponimia menor» ou «microtoponimia»), ata agora non estudiada, e os nomes de localidades («toponimia maior» ou «macrotoponimia»). Os nomes dos predios rurais son normalmente "transparentes" ou motivados no seu tipo de formación e e no seu significado, a pesar de que en ocasións transmitan unha variedade de léxico local ou rexional fosilizado. Sen embargo, a grande maioría dos topónimos actuais son "nomes" dos que só podemos aprehende-lo seu significado e a súa etimoloxía por medio da interpretación científica da documentación histórica. Tendo en conta a masa extraordinaria dos topónimos galegos, é posible documentar en principio calquera tipo de formación, por eso que as comparacións que se fagan no ámbito iberorrománico en relación coa cantidade absoluta de nomes de lugar deben ser valoradas coa cautela pertinente. Sen embargo, os topónimos de santos patróns e de posuidor concéntranse en Galicia máis ca en ningunha outra parte da Península (coa excepción do norte de Portugal).

3.3.1. A pesar da romanización relativamente tardía a fisionomía lingüística dos topónimos galegos ten un aspecto latino-románico estremadamente marcado. Gracias ó seu illamento xeográfico (e histórico) púidose conservar aquí un material lingüístico moi valioso. Numerosos estudos concretos amosan a importante contribución que unha explotación sistemática deste material histórico significaría para a historia lingüística latino-románica (especialmente na etimoloxía e na morfoloxía).

O estrato máis antigo, difícil de clasificar lingüística e étnicamente, aparece no léxico común e con frecuencia a partir deste (e de derivados románicos) en numerosos topónimos (*toxó* > *Toxo*, *Toxal*, *Tojedo*, *Toxeira*, *Toxoso*, *Toxiño*; *cádavo*, *coto*, *barranco*, *varcia*, *barro* > *Barral*, *Barreira* / *Barreiro*, *Barredo*, *Barrosa* / *Borroso*, *Barrela* etc.). Da época prerromana inmediata, en especial do ámbito celta e en xeral indoeuropeo, sobreviviron numerosos topónimos e elementos lexicais. Ademais dos antiquísimos hidrónimos (*Limia*, *Deva*, *Sar*) e os característicos elementos *-bre* (*Callobre*, *Deixebre*), *-ove* (*Landrove*, *Tragove*), *-oña/-oño* (*Baroña*, *Carantoña*, *Bretoña*, *Ortoño*), *-año/-aña* (*Lantaño*, *Moaña*) ou *-brig-* (*Bergantiños*), hai determinadas formas do léxico común que son características deste estrato lingüístico e que tamén aparecen en topónimos, aínda que con frecuencia son creacións de época románica (*lama*, *páramo*, *lousa*, *bouza*, *cómaro*, *gándara* etc.).

O estrato principal latino-románico absorbeu estes elementos lexicais, ó mesmo tempo que se nutría do rico fondo latino. Precisamente os topónimos son un campo de xogo que lles encanta ós etimólogos. Pero é difícil desentrañar en que momento concreto se crean estes nomes de lugar. O recurso común a un simple "formación posible en calquera época" é insuficiente e debe precisarse prestando atención á documentación histórica (dende o século IX), xa que é posible diferenciar claramente distintas épocas na ocupación do territorio e na nomenclatura: a lingüística, a historia da ocupación do territorio e a arqueoloxía son interdependentes e teñen que recorrer unhas ás outras. A sucesión de topónimos prerromanos (na súa maioría aplicados a lugares e ríos importantes), denominacións romano-latinas (adopción de designacións preexistentes e novas denominacións), nomenclatura da época das invasións bárbaras, repoboamentos medievais (fundacións novas, denominacións novas, substitucións dos nomes) e nomes modernos pódense describir *grosso modo*, pero por agora dificilmente é posible maior precisión, dada a ausencia dun inventario de todos estes datos. Os nomes pódense interpretar lingüisticamente sen dificultade ((*A*) *Fonte*, (*O*) *Muíño*, (*A*) *Ponte*, (*O*) *Vale*, (*O*) *Monte*, (*O*) *Castro*, *Casanova*, *Vilaverde*, *Pousadoiro*, *Oleiros*, (*O*) *Pombal*, *Castañado*, *Preguntadoiro* ...), cando a evolución fonética específica do galego ou determinados «accidents phonétiques», que sen embargo se poden esclarecer coa documentación histórica, non desembocan en formas de aparencia escura (*Grixoa* < *ecclesiola*, *Paçó* < *palatiolum*, *Vilouchada* < *villa ustulata*, *Fontecada* < *fonte calada*, *Aguada* < *aqua lata*, *Palas de Rey* < *palatium Regis*,

Pregigueiro < *pessegueyro*, *Saamasas* < *Santas Massas* [Sanctas Missas], *Eibedo* < *olivetum*, *Bembibre* < *Bene vivere* etc.).

3.3.2. Son especialmente complicadas as denominacións medievais relacionadas coa reconquista, novos asentamentos e "explosión demográfica". É característico da primeira época (finais do s. IX e s. X) a roza e fundación de novos casais (*vila*) por parte de grupos pequenos. Son nomes característicos de reconquista as denominacións a partir de nomes de grupos (*Toldaos*, *Cumbraos*, *Astureses*, *Miñotos* ...) que posiblemente xa teñen os primeiros modelos precursores (*Godos*, *Suevos*, *Suegos*) na época do reino visigodo (585-711). Na segunda metade do s. XII é cando acada o seu cumio a fase de fundación de novos asentamentos, con frecuencia por parte tamén de poboadores chegados do "estranxeiro" (*popula* > gal. *pobra* / *proba*, *Vilanova*, *Vilafranca*, *Francos* e semellantes).

3.3.3. Das linguas de superestrato, deixando á parte unhas poucas excepcións, non se conserva ningunha designación toponímica directa. En xeral só pasaron secundariamente ó ámbito da toponimia, a través do léxico común ou da onomástica persoal. É por tanto erróneo falar de topónimos xermánicos ou árabes. Da época xermánica só sobrevive con seguridade o elemento (moi frecuente) *Sá* / *Saa* (< gót. **sala* "edificio principal cunha única sala"; documentado tamén en compostos como *Saavedra* ou no seu derivado lexical lat.med. *gasalia(ne)* "conxunto de edificacións deste tipo" > top. *Gasalla*); posiblemente se poida engadir o tipo (suevo ?) *Lobio* (got. **laubjo* ?), *Bouro* (emparentado co alem. *Bauer* "labrego" ?) e *Grova(s)* (cf. alem. *Grube* "mina"). O dominio árabe foi no mellor dos casos só pasaxeiro e non deixou ningunha pegada toponímica. Designacións de lugares como *Atalaia* ("torre de vixilancia"), *Atafona* ("muíño de cereais"), *Acea* ("muíño de auga"), *Alfoz* ("arrabaldo" e sim.) ou a designación común para a pequena poboación rural ((*A*) *Aldea*) saen do léxico románico. O mesmo sucede despois cos influxos "europeos" altomedievais relacionados coas peregrinacións a Santiago e coa fundación de monasterios sobre todo cistercienses ((*A*) *Rúa*, (*A*) *Granxa*). As creacións aínda máis recentes normalmente en seguida se recoñecen; entre elas temos nomes anecdóticos do tipo *O Francés*, *A Babilonia* usw. ou substitucións do tipo *Picosacro* < *Montesacro* e similares.

3.4. Entre os topónimos característicos do noroeste están os "nomes de posuidor" que sobre todo caen na primeira fase dos movementos medievais de ocupación do territorio. Neste tipo xúntanse o nome dun lugar común (case sempre *vila* "casal") co nome do seu dono. En contraposición á derivación adxectivoal clásica, que segue viva pero só esporádicamente ata a Idade Media (tipo *Flavius* > *villa flaviana*; Kremer 1990a), temos unha época máis antiga que se caracteriza pola aposición sintáctica da forma do xenitivo do nome do posuidor (tipo *villa Flavii*), substituída xa máis tarde polo procedemento románico da simple xuntura (tipo *Castro-Ramiro*). É notable o mantemento en activo ata á alta Idade Media do xenitivo latino na formación de topónimos, cando fóra de aí resulta que pronto se perde (ás veces tamén en plural: *Mogor* < *S. María Monachorum* entre outros); en razón do seu carácter popular non é posible admitir se que poida tratar dun simple uso latinizante chanceleresco. Neste tipo de designación toponímica entran en xogo tódolos nomes de persoa da época (aínda que na súa maioría son nomes de posuidores masculinos). Os nomes de lugar derivados dos do seu dono son por tanto a fonte antroponímica máis importante entre os séculos IX e XI, reflectindo a nomenclatura persoal dese momento. Esta discriminación entre as denominacións de lugares e os nomes de persoa é importante, xa que a bibliografía normalmente fala á lixeira por exemplo de "topónimos xermánicos", cando en realidade a formación é románica e a gran maioría dos nomes de orixe etimolóxica xermánica só están reflectindo modas onomásticas da época. Esta categoría dos nomes de posuidor é comparativamente ben coñecida (Olano 1944/1945, Piel 1947,

Piel/Kremer 1976) gracias ó seu valor específico (polo seu modo de formación, e polo inventario de antropónimos que nos achega). Sen embargo, o seu estudio sistemático que abrangue a totalidade da documentación vai sacar á luz seguramente achegas fundamentais. Dado que case todos estes nomes (a maioría sen o seu primeiro elemento lexical) se conservaron ata os nosos días, compartiron a peculiar evolución do latín ó galego, constituíndose entón tamén en importantísimas testemuñas da historia da lingua. Véxase esta breve selección reunida ó chou (na documentación aparecen con frecuencia segundo o modelo «hereditate nostra propria quam habemus in filigresia sancti Iacobi de Villamarin in loco cognominatur Gosendi», a. 1245):

<i>Cambre</i> = villa Calamber (prerrom.)	
<i>Chorente</i> = (villa) Florenti (lat.)	
<i>Chacente</i> = (villa) Placenti	
<i>Goyente, Goente, Goence</i> = (villa) Gaudenti(i)	
<i>Vilaoriente</i> = Villalaurenti	
<i>Vilarvente</i> = villare Valenti	
<i>Ver</i> = (villa) Valerii	
<i>Amboade</i> = (villa) Involati	
<i>Bieite, Vieite</i> = (villa) Benedicti	
<i>Boente</i> = (villa) Bonenti	
<i>Buide</i> = (villa) Boniti	
<i>Oeste</i> = (villa) Honesti, <i>Torre del Este</i> = castrum	Honesti
<i>Orade</i> = (villa) Honorati	
<i>Rábade</i> (Lugo) = (villa) Rapinati (e non ár. <i>rábade</i>)	'arrabaldo')
<i>Proente</i> = (villa) Prudenti	
<i>Maçoy</i> = (villa) Macedoni	
<i>Nodar</i> = (villa) Notarii	
<i>Dragonte</i> = (villa) Draconti	
<i>Morgade</i> = (villa) Mauricati	
<i>Armental</i> = (villa) Armentarii	
<i>Orille</i> = (villa) Aurelii	
<i>Orellán</i> = (villa) Aureliani	
<i>Ouro, Orol</i> = (villa) Aurioli	
<i>Osebe, Oseve</i> = (villa) Eusebii	
<i>Follente</i> = (villa) Fulgenti	
<i>Gián, Illán</i> = (villa) Iuliani	
<i>Lebozán</i> = (villa) Nepotiani	
<i>Limión</i> = (villa) Heletes cognamenti Limenioni	
<i>Crecedur</i> = (villa) Cresceturi	
<i>Cresximil</i> = (villa) Crescemiri (híbrido)	
<i>Zaramil</i> = (villa) Salamiri (visigótico)	
<i>Vilarramil</i> = villa Ranamiri	
<i>Brandián</i> (villa) Brandilani	
<i>Gundiás</i> = (villa) Gundilani	
<i>Esposende</i> = *(villa) Spanusindi	
<i>Esmolfe</i> = (villa) Ermulfi	
<i>Sernande</i> = (villa) Sisinandi	
<i>Tonville</i> = (villa) Teudildi (fem.)	
<i>Frejufre, Friol</i> = (villa) Froiulfi	
<i>Rodríz, Roris, Rouris, Roiris, Ruiriz, Rodrid</i> = (villa)	Roderici
<i>Juriz</i> = villa vocitata Osorici	
<i>Aldemir</i> = (villa) Eldemiri	
<i>Aldobén</i> = (villa) Eldefredi	
<i>Tangil</i> = (villa) Atanagildi	
(etc.)	

As formas non declinadas correspondentes aparecen en comparación con pouca frecuencia (*Progolo* < *villa de Procul(o)*, *Ousño* < (*villa de*) *Ausonio*, *Pedroño* < (*villa de*) *Petronio* etc.).

3.5. Ás numerosísimas parroquias pónselle o nome segundo o seu patrón (patrocinio). Sen embargo, non sempre nin moito menos sucede que ese nome de patrón apareza tamén como nome dun lugar concreto (*Sanxurxo*, *Sampayo*, *San Miguel*, con *San Migueliño*, etc.). Está claro que outra norma que segue o traballo da "Comisión" (cf. 3.2.) é a mención expresa do nome do patrón correspondente: oficialmente temos *Queiruga* (*San Esteban*) → *San Estebo de Queiruga*, *Miñortos* (*San Martín*) → *San Martiño de Miñortos*, etc. ou mesmo a substitución do nome xeográfico de relación polo nome do patrón, cando este non

corresponde a ningún lugar concreto (*Cabanas* → *San Pantaleón*, *Recaré* → *Santomé*, *Valle de Orso* → *Santa Cruz* etc. tamén *Sieteiglesias* (*San Eufemio*) → *Satrexas* e sim.). Pola súa evolución fonética e a fusión dos seus elementos a algúns nomes de santos populares, sobre todo cando só xa gozaban de culto local, non lles afectou a posterior latinización e en consecuencia os seus topónimos correspondentes xa non resultan directamente interpretables (*Eulalia* > *Santaballa*, *Santa Baya* / *Santaballa*, *Santalla*, *Santaya*, *Félix* > *Sanfiz* / *San Fiz*, *Verissimus* > *Sambreixo*, *Thyrus* > *Santiso*, *Genesisus* > *Sanxés*, *Sanxenxo* entre outros máis). Ás veces o efecto da "etimoloxía popular" pode levar a interpretacións equivocadas (*Sanmil* / *Sanmir* / *Sanmiro* = (*villa*) *Salamiri*, *Vilapedre* = *villa ad sanctum Petrum*, *Tarás* = *sancta Talasia* e outros). O importante grupo dos topónimos formados a partir de nomes de santos (haxiotopónimos) son unha valiosa fonte de información para a historia cultural (para o coñecemento da extensión histórica e rexional dos cultos dos santos) e ó mesmo tempo para dar razón de determinadas modas de nomes (nomes de pía).

Figura 9: Frecuencia dos santos patróns galegos (segundo a *Gran Enciclopedia Gallega* s.v. *parroquia*)

Santa María	741
San Pedro	312
Santiago	293
San Martiño	243
San Juan	242
San Salvador (e outros)	183
Santa Eulalia	134
San Xulian	122
San Estevo	107
San Vicente	97
San Mamede	95
San Miguel	87
San Lourenzo	73
San Cristovo	64
etc.	

4. Bibliographie (in Auswahl) / Bibliografía (selección)

Badia i Margarit, Antoni M., *Hagiotoponimia i historia*, in: Kremer 1988b, 11-19.

Badia i Margarit, Antoni M. (ed.), *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actes del III Col·loqui (Barcelona. 19-21 Juny 1989)*, Tübingen, Niemeyer, 1991.

Carreras y Candi, Francisco (ed.), *Geografía general del Reino de Galicia*, 5 vol., Barcelona, s. d. (Vicente Risco: Provincia de Orense, L. Gorostola Prado: Pontevedra, M. Amor Meilán: Lugo, E. Carré Aldao: La Coruña, V. Garcia Rey: Descripción física general).

Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, *Toponimia*, vol. 1-, Santiago de Compostela, Publicacións da Xunta de Galicia, 1980- (vol. 1: Municipios de Cambre, Malpica, Marín, Porriño, Porto do Son, Santa Comba, Sanxenxo, Tomiño, Vila de Cruces, Vilanova de Arousa; vol. 2: Baleira, Baralla, Begonte, Carballado, Castroverde, Meaño, Meis, O Pino, Ponte-Ceso, Redondela, Rianxo, San Xoán do Río; vol 3: Fonsagrada, Friol, Monterroso, Navia de Suarna, Oulol, O Saviñao, Valadouro; vol 4: Baltar, A Baña, Blancos, Cambados, Gondomar, O Grove, Nigrán, Rodeiro, Rois, Salvaterra de Miño; vol. 5: Antas de Ulla, Baños de Molgas, Brión, Cangas, Negreira, Melide, Portomarín, Trasmiras; vol. 6: Bueu, Chantada, Esgos, Laxe, Moaña, O Rosal, Oia, Soutomaior, Trazo; vol. 7: Amoeiro, Ares, Arzúa, Catoira, Curtis, A Estrada, Fene, Mugardos, Nogueira de Muñiz, Nogueira de Ramuín, Oleiros, Pazos de Borbén, Piñor de Cea, Vilagarcía de Arousa, Vilamarín, Xunqueira de Ambía).

Corominas, Juan, *Tópica hispérica. Estudios sobre los antiguos dialectos, el substrato y la toponimia romance*, 2 vol., Madrid, Gredos, 1972.

David, Pierre, *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VI^e au XII^e*, Lisboa/Paris, Livraria Portogália Editora / Les Belles Lettres, 1947.

Diccionario geográfico de España, 17 vol., Madrid, Ediciones del Movimiento, 1956-1961.

- Fariña Jamardo, Xosé, *La parroquia rural en Galicia*, Madrid, Instituto de Estudios de Administración Local, 1981.
- Filgueira Valverde, José, *La toponimia gallega*, Pontevedra, Diputación Provincial, 1976.
- García Blanco, Manuel, *Estudio geográfico y toponímico de la provincia de Lugo*, Madrid, Rivadeneyra, s. d.
- Godoy Alcántana, José, *Ensayo histórico etimológico filológico sobre los apellidos castellanos*, Madrid, 1871 (Nachdruck Barcelona, El Albir, 1975 / reimpresión Barcelona, El Albir, 1975).
- Gran Enciclopedia Gallega*, 30 vol., Gijón, Silverio Cañada, 1974.
- Hafner, Ute, *Namengebung und Namenverhalten im heutigen Spanien*, Diss. Trier / tese de doutoramento Tréveris, 1992,
- Instituto Nacional de Estadística, *Censo de la población y de las viviendas de España de 1960: Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población*, Madrid, Ernesto Giménez 1963 (Censo de 1970, tomo V: *Índice general alfabético*, Madrid 1973; Censo de 1981, Madrid 1985).
- Knörr, Endrike / Lábano, M. Ángeles (edd.), *Actas de las I Jornadas de onomástica, toponimia. Vitoria-Gasteiz, Abril de 1986*, Bilbao, Euskaltzaindia, 1991.
- Kremer, Dieter, *Bemerkungen zu den mittelalterlichen hispanischen cognomina (I)*, Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte 10 (1970), 123-183; (I) ib. 11 (1971), 139-187; (III) ib. 12 (1972/1973), 101-188; (IV) ib. 13 (1974/1975), 157-221; (V) ib. 14 (1976/1977), 191-298; (VI) ib. 16 (1980), 117-205; (VII) ib. 17 (1981/1982), 47-146.
- Kremer, Dieter, *Proyectos para un Onomástico románico*, Verba 6 (1979), 313-339.
- Kremer, Dieter, *Tradition und Namengebung. Statistische Anmerkungen zur mittelalterlichen Namengebung*, Verba 7 (1980), 75-155.
- Kremer, Dieter, *Onomástico e historia de la lengua*, in: Ariza Viguera, Manuel, et al. (edd.), *Actas del I Congreso internacional de Historia de la Lengua Española*, vol. 2, Madrid, Arco Libros, 1988, 1583-1612 (= 1988a).
- Kremer, Dieter, (ed.), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85.º aniversário*, Tübingen, Niemeyer, 1988 (= 1988b).
- Kremer, Dieter, *De antroponimia asturiana e leonesa medieval*, Lletres Asturianas 36 (1990), 7-22 (= 1990a).
- Kremer, Dieter, (ed.), *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actes du 1^{er} Colloque (Trèves, 10-13 décembre 1987)*, Tübingen, Niemeyer, 1990 (= 1990b).
- Kremer, Dieter, *Quelques impressions de statistique onomastique médiévale*, in: Badia 1991, 175-211.
- Kremer, Dieter, *La survivance du wisigothique dans la Péninsule Ibérique*, in: André Rousseau (ed.), *Sur les traces de Busbecq et du gotique*, Lille, Presses Universitaires, 1991, 221-230.
- Kremer, Dieter, / Lorenzo, Ramón (edd.), *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1982.
- Lorenzo, Ramón, *A aportación galega ó «Diccionario histórico dos Apelidos Románicos»*, in: Kremer 1990b, 189-191.
- Melón y Ruiz de Gordejuela, Amando, *Las anomalías de población y toponomásticas de los ayuntamientos de España*, Estudios Geográficos 5 (1944), 53-125.
- Menéndez Pidal, Ramón, *Toponimia prerrománica hispánica*, Madrid, Gredos, 1968.
- Monteagudo, Luis, *Nombres de túmulos y dólmenes en Galicia y norte de Portugal*, RFE 38 (1954), 100-115.
- Moralejo Laso, Abelardo, *Los nombres propios personales con referencia a los españoles principalmente. Discurso leído en la solemne inauguración del curso académico de 1933 a 1934 en la Universidad Literaria de Santiago*, Santiago, Paredes, 1933.
- Moralejo Lasso, Abelardo, *Toponimia gallega y leonesa*, Santiago de Compostela, Pico Sacro, 1977.
- Nomenclátor 1970 v.* Instituto Nacional de Estadística.

- Olano Silva, Victor de, *Toponimia gallega*, RDTP (1944/1945), 653-666; 5 (1949), 627-662; 10 (1954), 199-227.
- Piel, Joseph M., *Nomes de «possessores» latino-cristãos no toponimia asturo-galego-portuguesa*, Coimbra, 1948 [Separatum aus / separata de Biblos 23 (1947), 143-202 und / e 283-407] (Nachdruck in Vorbereitung / reimpresión en preparación = *Patronymica Romanica*, 10).
- Piel, Joseph M., *As águas no toponimia galego-portuguesa*, BF 8 (1947), 305-342.
- Piel, Joseph M., *Nomes de lugar referentes ao relevo e ao aspecto geral do solo. Capítulo de uma toponímia galego portuguesa*, RPF 1 (1947), 153-198.
- Piel, Joseph M., *Os nomes dos Santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular*, Coimbra 1950 [Separatum aus / separata de Biblos 25 (1949), 287-353 und 26 (1950), 281-314] (Nachdruck in Vorbereitung / reimpresión en preparación = *Patronymica Romanica*, 10).
- Piel, Joseph M., *Sobre a formação dos nomes de mulher medievais hispano-visigodos*, in: *Estudios dedicados a Menéndez Pidal*, vol. 6, Madrid, CSIC, 1956, 111-150.
- Piel, Joseph M., *Antroponimia germánica*, ELH 1 (1960), 422-446.
- Piel, Joseph M., *Antroponimia germánica*, ELH 1(1960), 531-560.
- Piel, Joseph M., *Semblanza toponímica de un ayuntamiento gallego: Fonsagrada*, in: *Studia philologica. Homenaje ofrecido a Dámaso Alonso*, vol. 2, Madrid, Gredos, 1961, 599-608.
- Piel, Joseph M., *Sobre os apelidos do tipo patronímico em -ici/-es (Rodrigues)*, BF 21(1962/1963), 167-175.
- Piel, Joseph M., *Über Tiernamen in der hispanischen, insbesondere portugiesischen Toponomastik*, I, Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte 6 (1966), 164-202; II, ib. 7 (1967), 195-209.
- Piel, Joseph M., *Beiträge zur spanischen and portugiesischen Phytotoponomastik*, 1, in: Flasche, Hans (ed.), *Litterae Hispanae et Lusitanae. Zum fünfzigjährigen Bestehen des Ibero-Amerikanischen Forschungsinstituts der Universität Hamburg*, München, Hueber, 1968, 331-358; II, in: Baldinger, Kurt (ed.), *Festschrift Walther von Wartburg zum 80. Geburtstag*, vol. 1, Tübingen, Niemeyer, 1968, 175-194.
- Piel, Joseph M., *Considerações gerais sobre toponímia e antroponímia galegas*, Verba 6 (1979), 5-11.
- Piel, Joseph M., *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1989.
- Piel, Joseph M. / Kremer, Dieter, *Hispano-gotisches Namenbuch. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten and heutigen Personen- und Ortsnamen der Iberischen Halbinsel*, Heidelberg, Winter, 1976.
- Ramón y Fenández Oxea, José, *Mil y pico de apodos orensanos*, RDTP 27 (1971), 345-369.
- Ramón y Fenández Oxea, José, *Toponímias agrícolas gallegas*, CuEG 5:16 (1950), 221-240.
- Reloción de municipios desaparecidos desde principios de siglo*, Madrid, Instituto Nacional de Estadística, 1981.
- Ruiz de la Peña, Juan Ignacio, *Poblamientos y cartas pueblas de Alfonso X y Sancho IV en Galicia*, in: *Homenaje a Don José María Lacarra de Miguel en su jubilación del profesorado*, vol. 3, Zaragoza, Anubar, 1977, 27-60.
- Sampaio, Alberto, *Estudos históricos e económicos: as vilas do norte de Portugal*, Lisboa, 1923 (Nachdruck / reimpresión: Lisboa, Vega, 1979).
- S[antamarina, Antón], Art. *Toponímia*, in: *Gran Enciclopedia Gallega* s. v.
- Santamarina, Antón, *Efectos do contacto lingüístico na toponímia galega*, in: Kremer 1988b, 87-96.
- Santamarina, Antón, *Problemas para la restauración de topónimos gallegos*, in: Knörr/Libano 1991, 237-248.
- Sarmiento, Fray Martín, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, Tuy, Tipografía Regional, 1923.
- Seixas Subirá, Xaime, *Catrocentos nomes galegos pra homes e mulleres*, Santiago de Compostela, Adro, 1977 (⁴1984).
- Serra, Pedro Cunha, *Contribuição topo-antroponímica para o estudo do povoamento do noroeste peninsular*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos, 1967.

Torres Luna, M^a Pilar de / Pérez Fariña, M^a Luisa / Chantada Acosta, J. R., Las Parroquias de Galicia. Cartografía y Estadística, Santiago de Compostela, Universidad, 1985.

Dieter Kremer, Trier